

**COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **19 de outubro de 2017**

**ASISTENTES:**

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>PRESIDENTE:</b><br>D. <sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo<br><b>DEPUTADOS/AS:</b><br>D. <sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara<br>D. José Antonio Feijóo Alonso<br>D. Antonio Montero Fernández<br>D. Miguel A. Cid Álvarez<br>D. <sup>a</sup> M. <sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas<br>D. Vicente Gómez García<br>D. <sup>a</sup> Isabel Gil Álvarez<br>D. Susana Rodríguez Rodríguez<br>D. Armando Ojea Bouzo<br>D. Ramiro Rodríguez Suárez<br><b>SECRETARIO:</b><br>D. Juan Marquina Fuentes<br><b>INTERVENTORA ACCTAL.:</b><br>D. <sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos | No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o <b>19 de outubro de 2017</b> , ás 17:30 horas, baixo a presidencia de dona Ana María Villarino Pardo e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames: |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

**1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE SETEMBRO 2017.-**

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de setembro de 2017, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

**2º.- MOCIÓN CONXUNTA GRUPO SOCIALISTA, DEMOCRACIA OURENSANA E BNG PARA CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN SOBRE AS IRREGULARIDADES DETECTADAS NO SISTEMA DE BOMBEO DE AUGA ENTRE O RÍO MIÑO E OS CONCELLOS DE PUNXÍN, CENLLE E SAN AMARO.-**

**D.<sup>a</sup> Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista**, expón o contido da moción.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, afirma que o seu grupo, como non pode ser doutro xeito, apoia a moción. Trátase dun tema xa reiterado na Deputación ao que se lle debe dar unha solución definitiva e despexar as dúbidas que poida haber por todas as partes, en particular polos veciños, lembrando que ela non fai máis que atender unha demanda veciñal neste sentido, polo que entende que debe aclarase a situación no seo desta comisión.

Non se producen máis intervencións e a moción non se ditamina favorablemente ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (6).

**3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista**, pregunta como terán que realizar a reposición de contedores de vidro os concellos adheridos á recollida de RSU.

A **Sra. presidenta** da comisión contesta que, se ben se informará xa que descoñece esta situación en concreto, entende que debe existir unha solicitude dirixida á Deputación, aínda que se informará sobre se Ecovidrio ten por contrato a obrigação de repoñer os ditos contedores.

**D. Antonio Montero Fernández, do Grupo Popular**, indica que nalguna ocasión na que el necesitou a reposición de contedores o que fixo foi dirixirse á Área de Medio Ambiente da Deputación e que a súa solicitude foi atendida.

**D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista**, indica que o preguntou á Área de Medio Ambiente e que desde alí o remitiron a Ecovidrio, polo que reitera que se lle informe do procedemento concreto para proceder á reposición dos ditos contedores.

**D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana**, pregúntalle á presidenta que se houbera algunha cuestión sobre os velorios provinciais, pola súa clausura, cal sería a comisión informativa da Deputación que trataría este tema.

A **Sra. presidenta** da comisión cédelle a palabra ao **Sr. vicesecretario** e este informa que en concreto a Deputación non ten competencias en materia de velorios, xa que estes servizos, para o seu funcionamento, necesitan autorización municipal e da Consellería de Sanidade. En todo caso, non hai ningunha comisión informativa concreta que trate asuntos da área de sanidade, polo que podería ou ben ser esta mesma ou a de cooperación cos concellos, por tratarse dunha competencia municipal.

E, ás 18.00 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.